



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 23/02/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 23/02/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requirese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 9/02/2023, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 9/02/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

2.1) LICENZA DE EDIFICACIÓN

A) EXPEDIENTE: 2021/U022/000024

Visto o escrito presentado co número do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, 2022/999/00000841 de data 17/10/2022, presentado por MIGUEL POSE BLANCO, en representación de APARTAMENTOS COSTA DA MORTE, S.L., con CIF: B-06.877.377 ao que achega Proxecto de Execución redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº 2.181 F. Ramón García Martínez e título "PROXECTO DE REFORMA INTERIOR DE EDIFICIO PARA CAMBIO DE CATEGORÍA EN RESIDENCIAL PÚBLICO (de hotel a apartamentos turísticos de 1 chave)", visado no Colexio correspondente o día 7 de Setembro de 2022 co número 2204989,2 así como os oficios dos técnicos encargados da dirección, execución e coordinador de seguridade das obras. Licenza que foi concedida a favor de APARTAMENTOS VIDA MUXÍA, S.L. con CIF B-70583513, pola Xunta de Goberno Local de data 10/03/2022, para reforma de hotel existente para apartamentos turísticos (Referencia Catastral 8216108MH7581N).

Considerando que, co número 2023/999/00000171 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 16/02/2023, MIGUEL POSE BLANCO, e domicilio a efectos de notificacións telemáticas no mail, en representación de APARTAMENTOS VIDAMUXIA, SL, con CIF: B-70.583.513, aporta documentación complementaria ó proxecto para actualización e adaptación das instalacións eléctricas da baixa tensión do edificio de referencia.

Visto o informe favorable emitido con data 16/02/2023, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder licenza a APARTAMENTOS VIDA MUXÍA, S.L., con CIF B-70.583.513, para a realización de obras de Reforma de Hotel existente para Apartamentos Turísticos, (Referencia Catastral número 8216108MH7581N), e aprobar o Proxecto de Execución redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº 2181 F. Ramón García Martínez e título PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR DE EDIFICIO PARA CAMBIO DE CATEGORÍA EN RESIDENCIAL PÚBLICO (DE HOTEL A APARTAMENTOS TURÍSTICOS DE 1 CHAVE) ", visado no Colexio correspondente o día 17 de Outubro de 2022 co número 2205761.

En todo caso,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1.-Repoñeráse ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materias.

2.- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000024
 - DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 23/02/2023
 - ORDENANZA DE APLICACIÓN: Edificación Residencial en bloque exento. (O-3.1)
 - PROMOTOR: APARTAMENTOS VIDAMUXÍA, S.L.
 - DIRECTOR DE OBRA: Francisco Ramón García Martínez, colexiado nº 2.181 do COAG
 - DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Dª Martina Rodríguez Raíño. colexiada nº 2663 do COATAC.
 - NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Existente
 - USO: Hoteleiro
 - PRAZO MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza
- O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.
- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Así mesmo, o prazo de remate das obras será de tres anos, e as obras non se poderán interromper por un prazo superior ao de seis meses.
- Salientar que unha vez rematadas as obras:

3.- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

B) EXPEDIENTE: 2022/U022/000017

Visto o escrito presentado co número 2023/999/0000070 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 16/01/2023, por Antonio Martínez Domínguez, en representación de David Barreiro López, ao que achega modificado do proxecto básico e proxecto de execución redactados polo arquitecto colexiado COAG nº 3.442 Antonio Martínez Domínguez, e título "PROXECTO DE EXECUCIÓN CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ILLADA CON GARAXE”, visado con data 16 de xaneiro de 2023 co número 2300164,2 así como os oficios dos técnicos encargados da dirección das obras, anexo de obra urbanizadora e etiqueta de cualificación enerxética. Licenza que foi concedida, pola Xunta de Goberno Local de data 22/12/2022, para a construción de vivenda unifamiliar con (Referencias Catastrais 8405834MH7580S0000OS e 84058A6MH7580N0001JT).

Considerando que co número 2023/999/0000071 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 16/01/2023, Antonio Martínez Domínguez, presenta copia da escritura de segregación e cesión municipal.

Considerando que co número 2023/999/00000172 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 16/02/2023, Antonio Martínez Domínguez, presenta documentación onde se modifica o anexo de obra urbanizadora da fronte da parcela.

Visto o informe favorable emitido o día 17/02/2022, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto de Execución presentado por D. David Barreiro López e Dª Eva Trillo Busto, respectivamente, co título “PROXECTO DE EXECUCIÓN CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA CON GARAXE”, redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, visado o día 16 de xaneiro de 2023 co número 2300164,2. Debendo ter en conta en todo caso, ademais do indicado na concesión da licenza:

- Restablecerase ao seu estado orixinal as rúas e beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarase a urbanización na fronte da aliñación co mesmo tipo a calidade que os materiais existentes, debendo repoñer a totalidade do tramo afectado.

- Co fin de garantir a realización da urbanización será necesario a presentación dun val bancario ou depositar na conta do Concello importe do custo da urbanización. Este importe, é de mil cincocentos euros (1.500,00 €). Esta garantía será devolta cando a obra de urbanización estea rematada.

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2022/U022/000017
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 23/02/2023
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo de Núcleo Rural Común
- PROMOTOR: D. David Barreiro López e Dª Eva Trillo Busto
- CONSTRUTOR:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- DIRECTOR DE OBRA: D. Antonio Martínez Domínguez colexiado nº 3.442 do COAG
 - DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: D. Juan Ramón Insua Redonda, colexiado nº 2750 no COAATAC.
 - NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B
 - USO: Residencial
 - PRAZO MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza
- O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Así mesmo, o prazo de remate das obras será de tres anos, e as obras non se poderán interromper por un prazo superior ao de seis meses.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

2.2) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2022/U026/000009

Visto o escrito co número 2022/999/00000071 do Rexistro Xeral de Entrada Telemática de Documentos deste Concello, de data 24/01/2022, presentado por Juan Jesús Martínez Calo, de comunicación previa de obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada de 8 x 4 metros, na parcela sita no lugar de residencia (Referencias Catastrais números 15038A502053110000DQ e 15038A502052970001FR).

Vista a acta de comprobación documental de data 9/02/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000072 (RS) de 10/02/2022, diríxese oficio a Juan Jesús Martínez Calo ao que se lle achega o informe técnico de 9/02/2022, e comunícaselle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se presente a documentación indicada no mesmo e non se obteñan os informes sectoriais solicitados á Consellería do Medio Rural e do Instituto de Estudos do Territorio e Paisaxe.

Considerando que co número 2022/000/00000073 (RS) de 10/02/2022, diríxese oficio á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000074 (RS) de 10/02/2022, diríxese oficio ó Instituto de Estudos do Territorio e Paisaxe, solicitando o correspondente informe sectorial.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando que, con data 21/02/2022, o Instituto de Estudos do Territorio, comunica que non é preceptivo obter informe previo para a autorizar as obras de construción dunha piscina.

Considerando que, con data 2/03/2022, a Consellería do Medio Rural, comunica que non procede a emisión do informe solicitado por non ser do ámbito competencial desa xefatura territorial.

Considerando que co número 2023/999/00000167 (R.E.Telm) de 15/02/2023, Juan Jesús Martínez Calo, contesta ao requirimento de data 10/02/2022 e achega a documentación solicitada.

Vista a acta de comprobación documental de data 15/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Juan Jesús Martínez Calo, o título habilitante para a realización das obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada de 8 x 4 metros, (Referencias Catastrais números 15038A502053110000DQ e 15038A502052970001FR), sempre que sexa enteiramente enterrada e que, en ningún caso, alteren a topografía natural do terreo.

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2023/U026/000017

Visto o escrito co número 2022/000/00000335 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 15/02/2023, presentado por Marcos Traba Traba, de comunicación previa de obras consistentes no mantemento do peche da finca, mantendo as medidas existentes e colocación dun novo peche de malla de ata 1,2 m sobre cimentación de formigón, a emprazar na citada Rúa (Referencia Catastral número 8404205MH7580S0001ID), con ocupación da vía pública con colector de obras.

Vista a acta de comprobación documental de data 23/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Marcos Traba Traba, o título habilitante para a realización das obras consistentes no mantemento do peche da finca, mantendo as medidas existentes e a colocación dun novo peche de malla de ata 1,2 metros sobre cimentación de formigón, a emprazar na citada Rúa (Referencia Catastral número 8404205MH7580S0001ID), con ocupación da vía pública con colector de obras.

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) EXPEDIENTE: 2022/U026/000024

Visto o escrito co número 2022/000/00000356 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/02/2022, presentado por Julio Domínguez Santos, de comunicación previa de obras consistentes no acondicionamento con novo formigón da beirarrúa existente no fronte da vivenda, sita no lugar de residencia (Referencia Catastral número 8522109MH7582S0001MQ).

Vista a acta de comprobación documental de data 9/03/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000147 (RS) de 10/03/2022, diríxese oficio a Julio Domínguez Santos, ao que se lle achega o informe técnico de data 9/03/2022, e comunícaselle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se presente a documentación indicada relativa á petición de autorización da Axencia Galega de Infraestruturas que é organismo titular da estrada AC-445.

Considerando que Julio Domínguez Santos, presenta Informe favorable emitido polo Servizo Provincial da Axencia Galega de infraestruturas de data 16/09/2022, en contestación ao requirimento de data 10/03/2022.

Vista a acta de comprobación documental de data 23/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Julio Domínguez Santos, o título habilitante para a realización das obras consistentes no acondicionamento con novo formigón, da beirarrúa existente no fronte da vivenda (Referencia Catastral número 8522109MH7582S0001MQ).

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) ASUNTOS VARIOS

3.1) VISADO MUNICIPAL DE LICENZA DE TAXI

EXPEDIENTE: 2023/X999/000051

Vista o escrito co número 2023/900/00000215 (RE) de 15/02/2023, presentado por Ismael Montero Lago, no que como titular da licenza de taxi número 1, declara que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle habilita a licenza da que é titular, e que dispoñe da documentación que así o acredita, a que poñerá a disposición da Administración cando se lle requira e que se compromete a mantela ata o vindeiro visado, polo que solicita deste concello que proceda a realizar a correspondente anotación de dita declaración no Rexistro de Títulos Habilitantes que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten habilitado (RTAXI).

De conformidade co establecido no artigo 14.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Realizar a correspondente anotación da declaración realizada por Ismael Montero Lago, no Rexistro de Títulos Habilitantes que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten habilitado (RATXI), en relación coa licenza de taxi número 1 do concello de Fisterra.

2º) Notificar este acordo ao interesado para co seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que conta este acordo poida interpoñer.

3.2) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

EXPEDIENTE: 2023/A003/000008



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Vista a orde do 9/01/2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), para o exercizo de 2023.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominado PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVICIOS MÚLTIPLES.

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	CUSTOS TOTAIS
1.080,00 €	0,00 €	180,00 €	1.260,00 €	482,58 €	1.742,58 €

CUSTOS TOTAIS DE 1 TRABALLADOR DURANTE 9 MESES	
Custos salariais: 1.260,00 € x 1 traballador x 9 meses =	11.340,00 €
Seg. Social Empresa: 482,58 x 1 traballador x 9 meses =	4.343,22 €
CUSTOS TOTAIS	15.683,22 €
Subvención Xunta de Galicia	13.970,00 €
Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 42,00 € x 1 traballadores x 9 meses =	378,00 €
Aportación municipal	2.091,22 €
Gasto Salarial = 11.340,00 + 378,00 =	11.718,00 €
Gasto Seguridade Social =	4.343,22 €
Total custo da contratación =	16.061,22 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

3.3) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA.

EXPEDIENTE: 2023/A003/000009

Vista a orde do 9/01/2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2023.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominados PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA).

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servicio.

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	CUSTOS TOTAIS
810,00 €	0,00 €	135,00 €	945,00 €	361,94 €	1.306,94 €

CUSTOS TOTAIS DE 2 TRABALLADORES DURANTE 9 MESES	
Custos salariais: 945,00 x 2 traballadores x 9 meses =	17.010,00 €
Seg. Social Empresa: 361,94 x 2 traballadores x 9 meses =	6.514,92 €
CUSTOS TOTAIS	23.524,92 €
Subvención Xunta de Galicia	23.524,92 €
Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 32,00 € x 2 traballadores x 9 meses =	576,00 €
Aportación municipal total	576,00 €
Gasto Salarial = 17.010,00 + 576,00 =	17.586,00 €
Gasto Seguridade Social =	6.514,92 €
Total custo da contratación =	24.100,92 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

3.4) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA AO PROGRAMA PEL – CONCELLOS 2023 MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS BASICOS E ESENCIAIS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA – ANUALIDADE 2023.

EXPEDIENTE: 2023/A003/000002

Vistas as bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-Concellos 2023.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominados PEL-Concellos 2023.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, unha subvención para a contratación de traballadores desempregados para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos.

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	CUSTOS TOTAIS
1.080,00 €	0,00 €	180,00 €	1.260,00 €	482,58 €	1.742,58 €

CUSTOS TOTAIS DE 5 TRABALLADORES DURANTE 4 MESES	
Custos salariais: 1.260,00 x 5 traballadores x 4,5 meses =	28.350,00 €
Seg. Social Empresa: 482,58 x 5 traballadores x 4,5 meses =	10.858,05 €
CUSTOS TOTAIS	39.208,05 €
Subvención Deputación Provincial	37.000,00 €
Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 42,00 € x 5 traballadores x 4,5 meses =	945,00 €
Aportación municipal total	3.153,05 €
Gasto Salarial = 39.208,05 + 945,00 =	29.295,00 €
Gasto Seguridade Social =	10.858,05 €
Total custo da contratación =	40.153,05 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

3.5) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TECNICO PARA A OFICINA DE TURISMO.

EXPEDIENTE: 2023/A003/000003

Vistas as bases reguladoras do programa subvencións DP0029/2023 dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominados contratación de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023.

2º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, unha subvención para a contratación de traballadores desempregados para a prestación dos servizos municipais nas oficinas de turismo durante o exercicio de 2023.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	CUSTOS TOTAIS
836,44 €	364,94 €	200,23 €	1.401,61 €	463,93 €	1.865,54 €

CUSTOS TOTAIS DE 2 TRABALLADORES DURANTE 5 MESES	
Custos salariais: 1.401,61 x 2 traballadores x 5 meses =	14.016,10 €
Seg. Social Empresa: 463,93 x 2 traballadores x 5 meses =	4.639,30 €
CUSTOS TOTAIS	18.655,40 €
Subvención Deputación Provincial	19.122,60 €
Indemnización fin contrato: 46,72 € x 2 traballadores x 5 meses =	467,20 €
Gasto Salarial = 14.016,10 + 467,20 =	14.483,30 €
Gasto Seguridade Social =	4.639,30 €
Total custo da contratación =	19.122,60 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

3.6) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES LOCAIS – FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL.

EXPEDIENTE: 2023/A003/000007

Vista a orde do 29/12/2022, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto denominado ADQUISICION DE VEHICULO ELECTRICO PARA O GRUPO DE SERVICIOS MULTIPLES MUNICIPAIS, cun orzamento total de corenta mil euros (40.000 €).

2º) Solicitar da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, unha subvención ao abeiro da orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de compensación Ambiental para o ano 2023, aceptando expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, integrado polas seguintes actuacións:

DENOMINACION DA ACTUACION	ORZAMENTO (€)	TIPO DE GASTO
Adquisición de vehículo eléctrico para o grupo de servizos múltiples	40.000,00 €	INVESTIMENTO (equipamento)



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

3.7) AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000351 (RE) de 17/02/2023, por J. C. D. L., no que solicita unha axuda de emerxencia social para equipamento básico.

Visto o informe de data 17/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. C. D. L., unha axuda económica única por importe de trescentos trinta euros (330,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000371 (RE) de 22/02/2023, por C. L. C., no que solicita unha axuda de emerxencia social para bens de primeira necesidade.

Visto o informe de data 22/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a C. L.

C. , unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 20:30 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.